



O GALEGO É A FÓRMULA

O galego é a fórmula será o lema da 19 edición do Correlingua. Con o galego é a fórmula desde a organización do Correlingua queremos centrar a atención na necesidade de que o galego estea presente en todas as materias do ensino, tamén nas do ámbito científico.

O Correlingua xa está en Instagram!

O Correlingua chegou á rede social Instagram. Na nosa páxina poderedes ver os contidos gráficos e novas do Correlingua, así como compartir as vosas experiencias no proceso de elaboración das propostas para os concursos e nas festas finais. Seguídenos!

Inscrición nos concursos e festas finais

Proximamente publicaremos na nosa web o calendario do Correlingua 2019 e abriremos a inscrición nas festas finais e nos concursos. Como todos os anos, as propostas deberán desenvolver a idea do lema, **o galego é a fórmula** neste 2019, polo que volo adiantamos agora para que vaiades pensando en como desenvolveo.

Para coñecer máis o Correlingua poderedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén poderedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal